

Departamento de Xeografía e Historia

Programación curso 2022-2023

Cursos LOMCE

IES Pedro Floriani (Redondela)

Contido

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA: MATERIAS E PROFESORADO	3
CIENCIAS SOCIAIS NA ESO E BACHARELATO	4
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
O CURRÍCULO	6
CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS	7
CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS	13
TEMAS TRANSVERSAIS	14
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN	16
MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN	17
CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º DA ESO	20
CONTIDOS	20
CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	21
CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS	26
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	27
RECURSOS DIDÁCTICOS	27
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	28
CIENCIAS SOCIAIS. XEOGRAFÍA E HISTORIA. 4º DA ESO	31
CONTIDOS	31
Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789	33
Bloque 2. A era das revolucións liberais	33
Bloque 3. A Revolución Industrial	34
CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS	38
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	39
TEMPORALIZACIÓN	39
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	40
RECURSOS DIDÁCTICOS	41
DEPARTAMENTO DE CCSS, XEOGRAFÍA E HISTORIA: PENDENTES	41

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA: MATERIAS E PROFESORADO

O departamento de Xeografía e Historia terá ao seu cargo durante o curso escolar 2022-2023 a impartición das seguintes materias:

- Ciencias Sociais de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO (1º e 3º LOMLOE)
- Historia do mundo contemporáneo 1º Bacharelato CCSS e humanidades
- Historia 2º Bacharelato. (LOMLOE)
- Xeografía en 2º Bacharelato de CCSS e humanidades,
- Historia da arte 2º Bacharelato como materia optativa nas dúas modalidades,
- ESA: Ámbito da sociedade, niveis I-II
- FP Básica nivel I - Electricidade e Electrónica
- FP Básica nivel II - Electricidade e Electrónica

Os membros que compoñen o Departamento durante o presente curso 2021-2022 son:

- **Dna. Celia Sacasa Arranz**, Xefa de Departamento
- **Dn. Paulo Jablonski García**
- **Dna. Concepción López Martín**

LIBROS DE TEXTO

Os libros de texto postos polo departamento de Xeografía e Historia para o presente curso académico son:

- En 1º da ESO traballaremos con Edixgal que conta coas editoriais Netex, Aula Planeta e Edebé.
- Ciencias Sociais 2º ESO traballaremos con Edixgal que conta coas editoriais Netex, Aula Planeta e Edebé
- Ciencias Sociais 3º ESO.: traballaremos con Edixgal que conta coas editoriais Netex, Aula Planeta e Edebé.
- Ciencias Sociais 4ª ESO.: traballaremos con Edixgal que conta coas editoriais Netex, Aula Planeta e Edebé.
- Historia do mundo contemporáneo 1º Bac. Editorial Vicens Vives
- Historia 2º Bac. Editorial Vicens Vives (optativo)
- Historia da Arte 2º Bac. Editorial Vicens Vives (optativo)
- Xeografía 2º Bac. Editorial SM
- FP Básica: Sen libro de texto.

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

O Departamento reunirse como mínimo unha vez ao mes para o seguimento e coordinación da presente Programación e que asegure a homoxeneidade da súa aplicación entre os seus membros, en detalles que puideran quedar pouco especificados, tomando, se fose o caso, as medidas correctoras necesarias, levantándose acta dos asuntos tratados.

CIENCIAS SOCIAIS NA ESO E BACHARELATO

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Os referentes legais para a realización desta programación son:

- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desta competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedementa dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización.

A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos catro cursos de ESO.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

O CURRÍCULO

O Currículo está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica.

Para os efectos deste decreto, entenderase por:

a) **Obxectivos**: referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

b) **Competencias**: capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) **Contidos**: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

d) **Criterios de avaliación**: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

e) **Estándares de aprendizaxe** avaliábeis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f) **Metodoloxía didáctica**: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Competencias clave

Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial, incluimos o marco de descritores competenciais xa que supoñen unha reflexión e reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso debemos xerar tarefas de aprendizaxe onde lles permitamos aos escolares a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable, para iso cada unha rómpese en indicadores, grandes paires que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

Cada indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o rompemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» ao escolar competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre 3 e 6 descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descriptor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivable e indícanos que debemos observar nas actividades deseñadas para o seu adestramento.

Para o seu desenvolvemento partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos escolares sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos escolares aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos e alumnas cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, levarannos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Xeografía e Historia

Na área de Xeografía e Historia incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso arredor e responder preguntas.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e o uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

A competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais, e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumnado cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

Como este curso todo o alumnado de secundaria está inmerso no proxecto E-Dixgal é moi probable que aumente a súa motivación polo uso das TIC, favorecendo un maior desenvolvemento da súa competencia dixital.

Conciencia e expresións culturais

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través

da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilítalle ao alumnado comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

A área de xeografía e historia favorece que se poida traballar desde aí sempre e cando se adestren os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

Competencias sociais e cívicas

A competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumnado asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural e globalizada, na que convive con culturas diferentes.

Esta competencia permite que o alumnado poña en práctica os coñecementos aprendidos aplicándoos ao seu ámbito social converténdoo nun cidadán activo capaz de darlles resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social interactuando con outras persoas e grupos favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A participación activa do alumnado nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecen a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras desas decisións.

O alumno ou alumna deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e o seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

Aprender a aprender

A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumnado o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para darlles resposta ás formulacións do home, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a

aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de secundaria obrigatoria.

Neste sentido, desenvolveranse os seguintes descritores:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos escolares e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances históricos que nos permiten aprender do pasado e crecer na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada escolar parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos ou alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Durante este curso poñerase en marcha en varios grupos de 1º e 2º de ESO unha metodoloxía baseada nun proceso de aprendizaxe compartida entre o alumnado participante que busca, a través dun tratamento complexo, a obtención dun resultado final chamada ***Aprendizaxe Baseada en Proxectos*** (ABP).

TEMAS TRANSVERSAIS

EDUCACIÓN PARA A PAZ, A CONVIVENCIA E OS DEREITOS HUMANOS.

Pretendemos que o alumnado:

- Desenvolva actitudes de tolerancia e convivencia no seu entorno e planee solucións dialogadas nos conflitos.
- Coñeza e mostre unha sensibilidade e atención especial cara a violencia, a inxustiza e o subdesenvolvemento e se achegue positivamente á diversidade cultural e social.
- Desenvolva a sensibilidade e a solidariedade perante a defensa da paz e os dereitos humanos.

EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL

Pretendemos que o alumnado:

- Valore positivamente a natureza e o medio no que desenvolve a súa vida.
- Tome actitudes positivas perante a conservación e mellora do medio no que vive.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE SEXOS

Pretendemos que o alumnado:

- Comprenda que as persoas han de ter as mesmas oportunidades, independentemente da súa condición sexual.
- Potencie e desenvolva hábitos non discriminatorios e evite xuízos ou actuacións sexistas.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR/A

Pretendemos que o alumnado:

- Sexa quen de interpretar as mensaxes publicitarias, distinguindo información obxectiva e mecanismos de persuasión.

- Colla conciencia perante os pobos e persoas que non teñen os máis elementais bens de consumo.

EDUCACIÓN VIAL

Pretendemos que o alumnado:

- Respete a seguridade vial e teña actitudes críticas perante os comportamentos incívicos na estrada.
- Adquiera unha sensibilidade especial perante as persoas discapacitadas na vía pública.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Pretendemos que o alumnado:

- Valore a importancia da saúde, a hixiene, a alimentación e o coidado corporal, como medio para a súa realización e equilibrio persoal e para evitar e previr enfermidades corporais.
- Coñecer o seu corpo, o seu funcionamento, posibilidades e limitacións para desenvolver hábitos de coidado e saúde persoais.

Asemade, abordarase especialmente o tema elixido pola biblioteca do centro para o Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares titulado “*O Medio e eu*”.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, agrupamentos, etc).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

Durante o presente curso 2020-2021 haberá un reforzo en 1º de ESO e en 2ºA (por mor do tamaño do grupo) para a materia de Xeografía e Historia dunha sesión de duración onde se traballarán os contidos máis básicos da materia.

MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN

Ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Distribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º DA ESO

CONTIDOS

O currículo da área de Xeografía e Historia agrúpase en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fórmulanse para primeiro ciclo de Educación Secundaria. Nesta programación seleccionáronse unicamente os correspondentes a 2.º da ESO.

Na súa redacción, respectarase a numeración dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe tal e como aparece no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo que se establece para a **Comunidade Autónoma de Galicia** o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.

Bloque 1. O medio físico

- 1.1. Localización. Latitude e lonxitude.
- 1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.
- 1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.
- 1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.
- 1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática dá Península Ibérica e de Galicia.
- 1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas dá Península Ibérica e de Galicia.
- 1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.

Bloque 2. O espazo humano

- 2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.
- 2.2. Poboación europea: distribución e evolución.
- 2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.
- 2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.
- 2.5. Proceso de urbanización non planeta.
- 2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.
- 2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.

- 2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.
- 2.9. Paisaxes no territorio español e galego.
- 2.10. Principais retos e problemas ambientais en España.

Bloque 3. Historia

- 3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.
- 3.2. Fontes históricas.
- 3.3. Cambio e continuidade.
- 3.4. Tempo histórico.
- 3.5. Vocabulario histórico e artístico.
- 3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).
- 3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.
- 3.8. Feudalismo.
- 3.9. Islam. Península ibérica: invasión musulmá. Evolución de al-Ándalus e dos reinos cristiáns.
- 3.10. Reconquista e repoboación.
- 3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a ‘Peste Negra’ e as súas consecuencias.
- 3.12. Arte románica, gótica e islámica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Bloque 1. O medio físico

- 1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
 - 1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- 1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.
 - 1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.
- 1.3. Situar non mapa de España as unidades e vos elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
 - 1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.
 - 1.3.2. Describe ás unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.
- 1.4. Situar non mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
 - 1.4.1. Sitúa nun mapa físico ás principais unidades do relevo galego.
 - 1.4.2. Describe ás unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.
- 1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.
 - 1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.
 - 1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.
 - 1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.
- 1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.
 - 1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.
- 1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.
 - 1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.

Bloque 2. O espazo humano

- 2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.
 - 2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.
 - 2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.
- 2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.
 - 2.2.1. Explica as características da poboación europea.
 - 2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.
- 2.3. Analizar ás características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.
 - 2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.
 - 2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.
- 2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.
 - 2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.
- 2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.
 - 2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.
 - 2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.
- 2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.
 - 2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.
 - 2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.
- 2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.
 - 2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.

- 2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.
 - 2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.
 - 2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.
- 2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.
 - 2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.
- 2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.
 - 2.10.1 Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.

Bloque 3. Historia

- 3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
 - 3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
- 3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.
 - 3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
 - 3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
- 3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentados no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
 - 3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
 - 3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
- 3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez non tempo (diacronía e sincronía).

- 3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
- 3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
 - 3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
- 3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.
 - 3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.
- 3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
 - 3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do imperio romano coas dos reinos xermánicos.
- 3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.
 - 3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
- 3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.
 - 3.9.1. Comprende as orixes do islam e o seu alcance posterior.
 - 3.9.2. Explica a importancia de Al-Ándalus na Idade Media.
- 3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.
 - 3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.
 - 3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.
- 3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.
 - 3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievas europeas.
- 3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.
 - 3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances históricos que nos permiten aprender do pasado e crecer na actualidade. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno ou alumna parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, polo que enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

As actividades estruturaránse do seguinte xeito:

- a) Actividades iniciais ou de exploración de ideas. Convén coñecer as ideas preconcebidas dos alumnos e recupera-lo valor pedagóxico do erro que non debe ser considerado como un fallo senón como o paso entre dous coñecementos.
- b) Actividades de reestruturación. Actividades orais ou escritas coas que se pretende combater tópicos e erros.
- c) Actividades de aplicación. Supoñen un maior grado de complexidade. Consisten en formular problemas para reflexionar aplicando os coñecementos adquiridos a novos contextos.

d) Actividades de revisión e avaliación, para comprobar os progresos acadados desde as actividades iniciais.

e) Actividades realizadas en grupos cooperativos de 3-4 alumnos/as que poden ser para introducir un tema novo, para sondear rapidamente as ideas do grupo-clase, para aplicar determinados coñecementos ou para repasar aprendizaxes xa adquiridas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Levaranse a cabo todas aquelas que xurdan no propio instituto durante o curso e que estean relacionadas cos contidos que se están a impartir ou que resulten de interese para o alumnado como charlas, obradoiros, etc.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Edixgal
- A proposta didáctica para Xeografía e Historia 2.º ESO.
- Os recursos para o profesorado e a proposta didáctica, con actividades de reforzo e de ampliación.
- Os cadernos complementarios ao libro do alumnado.
- Saídas didácticas
- Participación no programa **Prensa Escola da Voz de Galicia**.

TEMPORALIZACIÓN

TEMA	TÍTULO UNIDADE DIDÁCTICA	Nº SESIÓN	1º T	2º T	3º T
1	Os desafíos demográficos	12	X		
2	Un mundo de cidades	12	X		
3	A poboación e as cidades en Galicia	9	X		
4	A Idade Media: A caída do imperio romano de Occidente, Bizancio, o islam e o imperio carolinxio	12	X	X	
5	A sociedade feudal. A arte románica	12		X	
6	Cidades e reinos medievais. A arte gótica.	12		X	
7	A península Ibérica entre os séculos VIII e XII.	12			X
8	A península Ibérica entre os séculos XIII e XV.	12			X
9	A organización política da sociedade	12			X

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación é un proceso constante no proceso de ensino-aprendizaxe que se adapta ao alumnado con diversidade funcional e formativa, para que supoña un instrumento de mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O proceso de avaliación lévase a cabo para coñecer en que medida acadamos os obxectivos propostos xa que as estratexias aplicadas para que o alumnado acade as competencias clave previstas relacionan directamente os estándares de aprendizaxe coas actividades propostas e co grado mínimo de logro das mesmas.

A avaliación será **continuada**, seguindo o progreso diario dos alumnos e das alumnas, observando o traballo en cada sesión e na casa, o cal será reflectido no caderno do profesor/a.

A nota mínima para acadar o aprobado será o 5, que será a nota media ponderada entre os exames, traballos, o traballo de aula e as tarefas.

Para a avaliación ordinaria terase en conta o traballo diario do alumno/a na aula, a través da observación e de probas orais, o traballo realizado na casa, a través de tarefas e os exames.

Polo xeral, realizarase un exame por cada tema dado. En situacións excepcionais os exames poderán ser substituídos pola presentación dun traballo.

As tarefas que poderán ser realizadas individualmente ou en grupo (segundo se determine), terán unha data de entrega e o atraso na súa presentación terá unha penalización de 0.25 por tarefa. Para subir nota se poderán realizar tarefas extra.

A cualificación de cada trimestre ou avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

A) Probas escritas (exames) 60%

Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos.

A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Se algunha das probas non supera o mínimo de 4 puntos sobre 10, non se fará media para obter a porcentaxe indicada. Soamente no caso de presentar un xustificante poderá realizarse o exame noutra data.

B) Caderno de clase e traballos realizados na aula ou na casa 40%

O caderno de clase, o traballo do xornal e outros traballos valoranrase de 0 a 10 puntos. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas no caderno de clase e en cada un dos traballos.

No 2º e 3º trimestre o traballo realizado dentro do Proxecto interdisciplinar estará incluído neste apartado e será valorado cun 20% da nota. A avaliación realizarase a través de rúbricas de autoavaliación do propio alumnado como da ficha de avaliación do proxecto elaborada polo grupo de profesorado que o pon en marcha para a valoración do traballo realizado tanto a nivel individual como nas actividades de equipo.

No caso de que un alumno/a non supere a realización do proxecto, realizaranse os axustes necesarios no desenvolvemento do resultado acordado para a súa correcta realización.

Asemade, **o traballo e o esforzo do alumno/a será tido en conta para subir a nota ata un máximo de 1 punto por avaliación**, sempre mellorando a media ponderada obtida entre as tarefas e os exames.

A cualificación do alumno/a na avaliación de xuño será a media aritmética obtida entre as tres avaliacións.

Valoración:

- A valoración das probas escritas farase de acordo cos criterios de corrección establecidos polo profesor en cada unha delas. Indicarase a puntuación de cada pregunta e poderá ser de diferente tipo: test en liña, pregunta curta, cálculo, interpretación de gráficas, mapas...

- Na valoración dos traballos terase en conta:

- Presentación

- Redacción

-Contidos: Non se aceptarán textos copiados e pegados directamente de información obtida a través da rede.

-A indicación de fontes bibliográficas.

•A comisión de faltas de ortografía non afectará na cualificación final das probas escritas e traballos, pero si que se contabilizarán a razón de 0,20 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 1 punto.

Non se fará media con menos dun 4 no exame.

Ao longo do curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes no seu caso. A última destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso (7-8 de xuño)

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarse a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar unha vez realizada a terceira avaliación realizaremos actividades de recuperación. Estas actividades consistirán en repasar conxuntamente os temas máis importantes ou con máis dificultades de aprendizaxe, a realización de exames de recuperación e/ou traballos..

Os alumnos de 4º da ESO dedicarán tamén esos días a exposición de traballos.

Así mesmo os alumnos que queren subir unas décimas a nota poderán tamén presentar traballos e/ ou realizar exames para redondear a nota-

Recuperacións: O alumnado que non acade a nota mínima requerida para o aprobado nunha avaliación, deberá realizar un exame de recuperación da materia suspensa ao inicio da seguinte avaliación.

Existe tamén a opción de facer unha proba extraordinaria de recuperación no mes de xuño.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

Na **convocatoria extraordinaria** será obrigatorio presentarse ao exame co caderno e os traballos realizados durante o curso. Esta proba recollerá cuestións e exercicios de toda a materia traballada durante o curso. Para acadar unha avaliación positiva deberá acadar unha puntuación mínima de 5, e non se terá en conta as tarefas realizadas durante o curso.

No caso de que o alumno ou alumna non asista a un exame necesitarase un xustificante explicando as razóns da súa ausencia. A data do exame poderá ser o mesmo día da incorporación do alumno/a, se as actividades da aula o permiten.

Cando un alumno/a sexa sorprendido consultando libros, apuntes, información no móbil ou na rede... deixará de inmediato de facer o exame e será cualificado cun cero. A recuperación neste caso será mediante unha proba ora

CIENCIAS SOCIAIS. XEOGRAFÍA E HISTORIA. 4º DA ESO

O currículo da área de Xeografía e Historia agrúpase en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fórmulanse para segundo ciclo de Educación Secundaria.

Na súa redacción, respectarase a numeración dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe tal e como aparece no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo que se establece para a **Comunidade Autónoma de Galicia** o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.

CONTIDOS

Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789

- 1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.
- 1.2. Ilustración.
- 1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.

Bloque 2. A era das revolucións liberais

- 2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.
- 2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español.

Bloque 3. A Revolución Industrial

- 3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.
- 3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.
- 3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).
- 3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso?
- 3.5. A ciencia no século XIX.

Bloque 4. O imperialismo do século XIX e a Primeira Guerra Mundial

- 4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.

- 4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.
- 4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1918) ou I Guerra Mundial.
- 4.4. Revolución Rusa.
- 4.5. A arte no século XIX.

Bloque 5. A época de «entreguerras» (1919-1939)

- 5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.
- 5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.
- 5.3. II República española e a Guerra Civil.

Bloque 6. As causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial (1939-1945)

- 6.1. Oríxes da II Guerra Mundial.
- 6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.
- 6.3. O holocausto.
- 6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.
- 6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.

Bloque 7. A estabilización do capitalismo e o illamento económico do bloque soviético

- 7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O «Welfare State».
- 7.2. Crise do petróleo (1973).
- 7.3. Ditadura de Franco en España.

Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI

- 8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.
- 8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.
- 8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).
- 8.4. Camiño cara á Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional.

Bloque 9. A revolución tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principios do XXI

- 9.1. A globalización económica: concepto e características.
- 9.2. Papel da revolución tecnolóxica na globalización.
- 9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.

Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da Historia e a Xeografía

- 10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.

- 10.2. Cambio e continuidade.
- 10.3. Tempo histórico.
- 10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

AVALIABLES

Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789

- 1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.
 - 1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o absolutismo e o parlamentarismo.
 - 1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.
- 1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.
 - 1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.
- 1.3. Coñecer os avances da revolución científica desde os séculos XVII e XVIII.
 - 1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.
 - 1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.

Bloque 2. A era das revolucións liberais

- 2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.
 - 2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.
 - 2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.
- 2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.
 - 2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.
 - 2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.

2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.

Bloque 3. A Revolución Industrial

- 3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.
 - 3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
- 3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.
 - 3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.
 - 3.2.2. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.
- 3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.
 - 3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.
- 3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.
 - 3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.
- 3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais.
 - 3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.

Bloque 4. O imperialismo do século XIX e a Primeira Guerra Mundial

- 4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.
 - 4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.
 - 4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.
- 4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.
 - 4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
- 4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.
 - 4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.
 - 4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.
 - 4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.
- 4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.
 - 4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.

- 4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.
 - 4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.
 - 4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.

Bloque 5. A época de «entreguerras» (1919-1939)

- 5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.
 - 5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.
 - 5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.
 - 5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.
- 5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.
 - 5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
- 5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.
 - 5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.
 - 5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.

Bloque 6. As causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial (1939-1945)

- 6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.
 - 6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).
- 6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.
 - 6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.
 - 6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.
 - 6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
- 6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.
 - 6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
- 6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945 e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.
 - 6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos

enmarcados na época da Guerra Fría.

6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.

6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.

6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.

6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).

Bloque 7. A estabilización do capitalismo e o illamento económico do bloque soviético

7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do «Welfare State» en Europa.

7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do «Welfare State» en Europa.

7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.

7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.

7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.

7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.

7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España e Galicia, así como as fases da ditadura de Franco.

7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica.

Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI

8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.

8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época.

8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.

8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.

8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.

8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.

8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.

8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Juan Carlos I, lei para a reforma

política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.

8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.

8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.

6.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.

Bloque 9. A revolución tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principios do XXI

9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.

9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.

9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.

9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica.

9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.

9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.

9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.

Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da Historia e a Xeografía

10.1. Recoñecer que o pasado non está «morto e enterrado», senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúns consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.

10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.

10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.

10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables,

utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances históricos que nos permiten aprender do pasado e crecer na actualidade. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno ou alumna parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, polo que enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Levaranse a cabo todas aquelas que xurdan no propio instituto durante o curso e que estean relacionadas cos contidos que se están a impartir ou que resulten de interese para o alumnado como charlas, obradoiros, saídas etc.

TEMPORALIZACIÓN

PRIMEIRO TRIMESTRE:

1º TRIMESTRE: SETEMBRO

.UNIDADE 1. O SÉCULO XVIII: A CRISE DE ANTIGO RÉXIME

1º TRIMESTRE: OUTUBRO -NOVEMBRO

UNIDADE 2. ÉPOCA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS (1789-1871)

1º TRIMESTRE: NOVEMBRO-DECEMBRO

UNIDADE 3. A ORIXE DA INDUSTRIALIZACIÓN

SEGUNDO TRIMESTRE:

2º TRIMESTRE: XANEIRO

UNIDADE 4. A ESPAÑA DO SÉCULO XIX: A CONSTRUCCIÓN DO RÉXIME LIBERAL

UNIDADE 5. INDUSTRIALIZACIÓN E CAMBIO SOCIAL NA ESPAÑA DO SÉCULO XIX

2º TRIMESTRE: FEBREIRO

UNIDADE 6. A ÉPOCA DO IMPERIALISMO

UNIDADE 7. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

2º TRIMESTRE: MARZO

UNIDADE 8. A REVOLUCIÓN RUSA

UNIDADE 9. PERÍODO DE ENTREGUERRAS

UNIDADE 10. ESPAÑA NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX (1902-1939).A GUERRA CIVIL

TERCEIRO TRIMESTRE

3º TRIMESTRE: ABRIL

UNIDADE 11. CAPITALISMO E COMUNISMO: DOUS SISTEMAS ENFRONTADOS

3º TRIMESTRE: MAIO

UNIDADE 12. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

UNIDADE 13. UN MUNDO DIVIDIDO: GUERRA FRÍA E DESCOLONIZACIÓN

UNIDADE 14. ESPAÑA: A DITADURA FRANQUISTA (1939-1975)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os instrumentos de avaliación serán probas orais, escritas e traballos individuais e en grupo.

Haberá dous exames ao trimestre. (poden contemplarse cambios segundo a marcha do curso).

A nota das probas será a media dos exames, pero será necesario ter mais dun 4 para poder facer media. A nota trimestral será un 70% a media dos controis teóricos e un 30% o traballo en clase e en casa, participación, realización de tarefas individuais e traballos colectivos.

A nota final da convocatoria ordinaria será a resultante da ponderación de cada trimestre segundo as seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 40% sempre e cando en cada unha delas teña acadado máis dun 4, ou ben, que ao longo do curso o alumnado amose un progreso académico conforme a avaliación continua.

O alumnado fará un traballo de investigación ao longo de todo o curso que poderá aumentar a nota até nun punto.

As probas extraordinarias de recuperación de cada trimestre realizaranse a comezos do seguinte. De todos os xeitos, o alumnado que amose un progreso académico adecuado poderá ser avaliado conforme á avaliación continua.

A nota da convocatoria extraordinaria de setembro será a obtida nunha proba escrita de todo o contido tratado durante o curso escolar.

A intercepción ou detección de dispositivos de copia ou plaxio fraudulento durante a realización das probas escritas será recompensado cun cero na cualificación de dita proba.

En caso de ter indicios ou sospeitas fundadas de copia dun exame, o alumno ou alumna será sometido a unha nova proba quedando a porcentaxe como sigue:

1º CONTROL 20%

2º CONTROL 80%

A proba de “verificación” poderá ser oral ou escrita, a partir da notificación e entrega do exame correspondente e a ser posible cun profesor do departamento como testemuña.

De novo haberá que contemplar un posible confinamento durante unha avaliación. Nese caso realizaranse traballos, tarefas, mediante a Aula virtual que servirán para nota. Se podemos posteriormente reanudar as clases realizaranse exames escritos da materia, aínda que sexa da avaliación pasada, aplicando o criterio de avaliación continua.

RECURSOS DIDÁCTICOS

- Edixgal
- Os recursos que o profesorado poida facilitar para mellorar a comprensión da materia e adquisición das competencias asociadas.

DEPARTAMENTO DE CCSS, XEOGRAFÍA E HISTORIA: PENDENTES

No presente curso dous alumnos de 2º da ESO coa materia pendente de 1º. Cinco alumnos de 4º da ESO coa materia pendente de 3ª e un alumno de 2ª de Bacharelato coa Historia do mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato.

Os alumnos de 2ª e 4º deberán facer unha serie de traballos e / ou exames ao longo do curso e se non son entregados ou o contido non fora o apropiado deberá realizar o exame de toda a materia no mes de maio. O encargado do seguimento dos traballos serán Concepción López en 2º, Paulo Jablonski en 4º e supervisado pola xefa de departamento.

O alumno de 2ª de Bacharelato será avaliado por Celia Sacasa con exames repartidos por avaliacións. De non aprobar poderá presentarse a o exame final.

